

ASOCIACIÓN GALEGA DA “FROITA AUTÓCTONA DO EUME”

Comunicación ós socios

1ª FEIRA RURAL de San Sadurniño

Vaise celebrar o día 8 de Agosto, participando a AGFA na súa organización e actividades da mesma.

Como xa sabedes, no convenio firmado co Concello de San Sadurniño, ademais da horta de conservación de variedades, está acordado celebrar una festa anual de exaltación da froita autóctona.

Ó comezo da organización da mesma o Concello propuxo, e AGFA estivo de acordo, de ampliála a todo o mundo rural, e chamarlle “feira rural”

Pedimos a todos os socios asistir, e invitar a coñecidos e amigos/as, as charlas que se van a dar o véspera, día 7 a 18.45 horas, e asistir e participar nas actividades do día 8 de Agosto.

A charla do día 7 estará liderada por D. Xosé A. Meixide “Tonecho”, profesor da escola de Guísamo.

Rogamos que todas as persoas que dispoñan de froita, e desde logo ós socios, **participen no concurso** e posta á **venta da froita**, aínda que sexan poucos kg., co fin de dar a coñecer os froitos das nosas hortas e recuperar un mercado tradicional.

Ademais da froita, o mercado tradicional da feira rural está aberto a outros produtos do rural.

Por parte da AGFA temos moito interese en que todos nos animemos a participar nesta primeira feira rural co fin de acadar o éxito da posta en valor das nosas hortas, e lograr que a festa sexa unha referencia anual na comarca.

Para calquera información adicional chamar ó teléfono 639 421 421 ou 652 700 305.

Saúdos,
Presidente da AGFA do Eume